

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA



# EN TERRA FIRME

Ana Núñez Rodríguez e  
Sebastián Sandoval Quimbayo

Proxecto gañador do  
VIII Concurso de Intervencións  
Artísticas nas Torres Hejduk

26 Ago 2021—9 Xan 2022

[cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)



XUNTA  
DE GALICIA




Xacobeo 21-22

**Sabadell**  
Fundación



## GAL

***En terra firme* mergulla as persoas visitantes nunha experiencia que alude á xeometría da luz do faro e sitúa o seu percorrido persoal no centro da intervención. Parte das múltiples connotacións da viaxe marítima e do concepto de luz como símbolo de transformación a nivel interior para convidar a percorrer unha viaxe propia. Esta proposta creativa de Ana Núñez Rodríguez (Lugo, 1984) e Sebastián Sandoval Quimbayo (Bogotá, 1986) resultou gañadora do VIII Concurso de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk, convocado en 2020 entre os e as participantes do X Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura (EAN10). O certame está enmarcado na programación do Xacobeo 21-22 e conta coa colaboración da Fundación Banco Sabadell.**





Na silueta da Costa da Morte xacen agullas que esperan polos viaxeiros provenientes do denso mar na procura dun horizonte firme. Non só foron testemuñas de infinidade de historias sobre a peregrinación, senón que tamén sinalaron o camiño a distintos viaxeiros ao longo da historia. Os faros, estas estruturas luminosas que emerxen no litoral da paisaxe galega desde o imperio romano, serviron como sinal para os navegantes, que despois de internarse no mar agardan ser guiados por este foco ata o seu encontro coa costa. Así, no medio da espesura da paisaxe marítima, esta arquitectura convértese na ferramenta que dá aviso ao fin dunha travesía ou á chegada a terra firme, orientando nas circunstancias máis adversas e permitindo que o viaxeiro chegue ao seu destino.

Do mesmo xeito, a instalación **En terra firme** propón neste mar de vexetación e pedra un destino que guíe as persoas visitantes da Cidade da Cultura na súa travesía. Aproveitando as propiedades arquitectónicas das torres Hejduk, a torre de cristal transfórmase nun sinal luminoso que aloxa no seu interior un pico dun faro inspirado nas xeometrías do mar e nas formas curvilíneas das fiestras da catedral de Santiago. Así, recrea un escenario da costa que deixa ao alcance do espectador a experiencia perceptiva da parte máis alta dun faro.

A torre de pedra aprópiase da paisaxe que rodea este foco para albergar unha instalación audiovisual. Unha proxección circular, baseada na linguaxe matemática do alcance de visibilidade en alta mar e as cartas náuticas, reflexiona sobre o nivel de transcendencia da experiencia da viaxe, guiando ao espectador a partir dunha fórmula trigonométrica polas augas navegables e rexións terrestres rumbo a un horizonte visible.



**Ana Núñez Rodríguez  
(Lugo, 1984)**

Enxeñeira técnica en Química Industrial pola Universidade Autónoma de Madrid, con estudos en Fotografía Documental e Creación Contemporánea en IDEP Barcelona e posgrao en Fotografía da Universidade Nacional de Colombia. Máster en Fotografía e Sociedade na Academia Real de Belas Artes da Haia (KABK), Os Países Baixos, onde foi galardoada como mellor tese polo seu traballo *Cocinando Historias de Patatas*. Participou en residencias, exhibicións e eventos en Bélxica, Os Países Baixos, Irlanda, Colombia, o Xapón, Portugal e España. Foi seleccionada para Descubrimientos PhotoEspaña 2017, premiada no Portfolio Review na Bienal Fotográfica Bogotá 2017 e seleccionada para o programa Lighthouse de novos talentos en Fotodok, Utrecht (Os Países Baixos), entre outros recoñecementos. Este ano publicou o seu primeiro fotolibro *Flor de Roca*, gañador da bolsa de proxectos editoriais independentes do Instituto Distrital de Artes, Colombia.

[ananunezrodriguez.com](http://ananunezrodriguez.com)




**Sebastián Sandoval Quimbayo  
(Bogotá, 1986)**

Estudou Artes Plásticas e Visuais na Facultade de Artes (ASAB) en Bogotá, especializándose en arte sonora, fotografía, pintura e vídeo. Máster en Arte Sonora da Universidade de Barcelona. Realizou estudos en Sonoloxía no Conservatorio Real da Haia, nos Países Baixos. En Colombia, o seu traballo foi exposto en diferentes galerías e espazos culturais como o Arquivo de Bogotá, Artecámara, a Universidade Nacional, o Museo de Arte Contemporánea de Bogotá, e ArtBo entre outros. Participou en residencias e exhibicións na Arxentina, Canadá, España, Os Países Baixos, Xapón e México. Traballou no Museo de Arte Moderna de Bogotá facendo parte do departamento de educación por mais de tres anos. Participou en diferentes equipos de traballo en festivais e eventos culturais como ARCO Madrid, ArtBo e La Otra. Recibiu diferentes recoñecementos dentro do campo das artes plásticas e sonoras como a bolsa para estudos no exterior do ICETEX, a bolsa de creación da Sala Alternativa GSF, a bolsa Plástica Sonora da FUGA ou o recoñecemento do Salón Regional de Artistas Zona Centro, entre outros.


[sebastiansandovalquimbayo.com](http://sebastiansandovalquimbayo.com)





## CAST

***En terra firme* sumerge a las personas visitantes en una experiencia que alude a la geometría de la luz del faro y sitúa su recorrido personal en el centro de la intervención. Parte de las múltiples connotaciones del viaje marítimo y del concepto de luz como símbolo de transformación a nivel interior para invitar a recorrer un viaje propio. Esta propuesta creativa de Ana Núñez Rodríguez (Lugo, 1984) y Sebastián Sandoval Quimbayo (Bogotá, 1986) resultó ganadora del VIII Concurso de Intervenciones Artísticas en las Torres Hejduk, convocado en 2020 entre los y las participantes del X Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura (EAN10). El certamen está enmarcado en la programación del Xacobeo 21-22, y cuenta con la colaboración de la Fundación Banco Sabadell.**



En la silueta de la Costa da Morte yacen agujas que esperan a los viajeros provenientes del denso mar en busca de un horizonte firme. No sólo han sido testigos de infinidad de historias sobre la peregrinación, sino que también han señalado el camino a distintos viajeros a lo largo de la historia. Los faros, estas estructuras luminosas que emergen en el litoral del paisaje gallego desde el imperio romano, han servido como señal para los navegantes, que después de adentrarse en el inmenso mar, esperan ser guiados por este foco hasta su encuentro con la costa. Así, en medio de la espesura del paisaje marítimo, esta arquitectura se convierte en la herramienta que da aviso al fin de una travesía o al arribo a tierra firme, orientando en las circunstancias más adversas y permitiendo que el viajero llegue a su destino.

Del mismo modo, la instalación **En tierra firme** propone en este mar de vegetación y piedra un destino que guíe en su travesía a los visitantes de la Cidade da Cultura. Aprovechando las propiedades arquitectónicas de las torres Hejduk, la torre de cristal se transforma en una señal luminosa que aloja en su interior un pico de un faro inspirado en las geometrías del mar y las formas curvilíneas de los ventanales de la catedral de Santiago. Así, recrea un escenario de la costa que deja al alcance del espectador la experiencia perceptiva de la parte más alta de un faro.




La torre de piedra se apropia del paisaje que rodea este foco para albergar una instalación audiovisual. Una proyección circular basada en el lenguaje matemático del alcance de visibilidad en alta mar y las cartas náuticas, reflexiona sobre el nivel de trascendencia de la experiencia del viaje, guiando al espectador a partir de una fórmula trigonométrica por las aguas navegables y regiones terrestres rumbo a un horizonte visible.



### Ana Núñez Rodríguez (Lugo, 1984)

Ingeniera técnica en Química Industrial por la Universidad Autónoma de Madrid, con estudios en Fotografía Documental y Creación Contemporánea en IDEP Barcelona y posgrado en Fotografía de la Universidad Nacional de Colombia. Máster en Fotografía y Sociedad en la Academia Real de Bellas Artes de la Haya (KABK), Los Países Bajos, donde fue galardonada como mejor tesis por su trabajo *Cocinando Historias de Patatas*. Participó en residencias, exhibiciones y eventos en Bélgica, Países Bajos, Irlanda, Colombia, Japón, Portugal y España. Fue seleccionada para Descubrimientos PhotoEspaña 2017, premiada en el Portfolio Review en la Bienal Fotográfica Bogotá 2017 y seleccionada para el programa Lighthouse de jóvenes talentos en Fotodok, Utrecht (Los Países Bajos), entre otros reconocimientos. Este año publicó su primer fotolibro *Flor de Roca*, proyecto ganador de la beca de proyectos editoriales independientes del Instituto Distrital de Artes, Colombia.

[ananunezrodriguez.com](http://ananunezrodriguez.com)



### Sebastián Sandoval Quimbayo (Bogotá, 1986)

Estudió Artes Plásticas y Visuales en la Facultad de Artes ASAB en Bogotá, profundizándose en arte sonoro, fotografía, pintura y video. Máster en Arte Sonoro de la Universidad de Barcelona. Realizó estudios en Sonología en el Conservatorio Real de La Haya, en Los Países Bajos. En Colombia su trabajo ha sido expuesto en diferentes galerías y espacios culturales como el Archivo de Bogotá, Artecámara, la Universidad Nacional, el Museo de Arte Contemporáneo de Bogotá, ArtBo entre otros. Ha participado en residencias y exhibiciones en Argentina, Canadá, España, Los Países Bajos, Japón y México. Trabajó en el Museo de Arte Moderno de Bogotá haciendo parte del departamento de educación por más de tres años. Ha participado en diferentes equipos de trabajo en festivales y eventos culturales como ARCO Madrid, ArtBo y la Otra. Ha recibido diferentes reconocimientos dentro del campo de las artes plásticas y sonoras como la beca para estudios en el exterior del ICETEX, la beca de creación de la Sala Alternativa GSF, la beca Plástica Sonora de la FUGA o el reconocimiento del Salón Regional de Artistas Zona Centro, entre otros.

[sebastiansandovalquimbayo.com](http://sebastiansandovalquimbayo.com)





# EN TERRA FIRME



## GAL

Ana Núñez Rodríguez e  
Sebastián Sandoval Quimbayo

Proxecto gañador do  
VIII Concurso de Intervencións  
Artísticas nas Torres Hejduk

26 Ago 2021 – 9 Xan 2022

[cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)



## CAST

Ana Núñez Rodríguez y  
Sebastián Sandoval Quimbayo

Proyecto ganador del  
VIII Concurso de Intervenciones  
Artísticas en las Torres Hejduk

26 Ago 2021 – 9 Ene 2022

[cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)